



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONVENIO MARCO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS QUE SE RECOÑEZAN COMO CRÉDITOS NOS CURRÍCULA DOS ALUMNOS

REÚNENSE:

Dunha parte, o rector don Dario Villanueva Prieto, en representación da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Da outra, don en representación de

Ambalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorga-lo presente convenio e, para os efectos,

MANIFESTAN:

1 Que a USC, como prestadora do servizo público da educación superior, realiza actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico.

2 Que, por iso, ten a vontade de potencia-la realización de actividades de formación, especialización e prácticas en coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudiantado.

3 Que a empresa/entidade dedicada a ten interese en colaborar no sistema de formación práctica do alumnado da USC.

De acordo co anterior, a USC e a empresa/entidade acordan asinar un convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vicerrectorado de Ordenación Académica
e Titulacións

Coloquio de San Xerome
Praza do Obradoiro, 34
15705 Santiago de Compostela, España
Tel. (981) 58 24 99 • Fax (981) 87 74 16

CLÁUSULAS

1 Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establece-la colaboración entre as partes de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación de prácticas tuteladas do alumnado de nas dependencias de

2 Obxecto das prácticas

O obxecto das prácticas que se van realizar será..... (relación das tarefas).....

3 Número de prazas

O número de prazas que se convocarán para realizar prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretarase nas convocatorias que faga a USC.

4 Período de realización das prácticas

As prácticas que son obxecto deste convenio realizaranse no período que determine a Comisión de Seguimento e concretarase nas convocatorias que faga a USC.

5 Número de horas e créditos que se recoñecerán

As prácticas que realicen os alumnos constarán de horas

Computarase un crédito por cada trinta horas de prácticas realizadas ó abeiro deste convenio, sen poder supera-los límites que, para estes efectos, establecen os planos de estudio.

Estes créditos recoñeceranse como optativos ou de libre configuración curricular segundo o establezan os planos de estudio.

6 Titores/-ras responsables e órgano universitario responsable

A Comisión de Seguimento nomeará, para cada un dos períodos e prazos das prácticas que

³ Indicar titulación ou centro



se convoquen, as persoas, por parte da USC e da empresa, que actuarán como coordinadores-responsables.

7 Selección dos alumnos

A USC seleccionará as persoas que van realiza-las prácticas consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

Ademais das normas xerais de valoración de expedientes, teranse en conta os seguintes criterios:

- Titulación que deben cursa-los alumnos:
- Materias que deben ter superadas:
- Outros requisitos:

.....
.....

8 Memoria das prácticas

Ó remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.

9 Procedemento de avaliación

A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-ra, á vista da devandita memoria e do informe do titor/-ra de prácticas da empresa ou entidade colaboradora.

Soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 15% das horas programadas.

(Se se estima pertinente, poderanse estipular, ademais da memoria, outros elementos de avaliación que deberán explicitarse no convenio).

10 Certificación da empresa

Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación favorable, a empresa ou entidade colaboradora emitiralle a cada un dos alumnos que participaron con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe consta-lo tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vicerrectorado de Ordenación Académica
e Titulacións

Coloquio de San Xerome
Praza de Obradoiro, 34
15705 Santiago de Compostela, España
Tel. (981) 58 24 99 • Fax (981) 57 24 18

A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que das prácticas realice a USC.

11 Relación coa empresa

- O feito de que o alumnado realice prácticas nunha entidade colaboradora non supoñerá ningún tipo de relación laboral con ela nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Aqueles que teñan menos de vinteoito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

12 Obrigas da USC

A USC non alcanzará financiamento adicional polo feito de asinar este convenio. De se-lo caso, deberá figurar expresamente qué créditos se destinarán ó seu cumprimento.

13 Comisión Mixta de Seguimento

Para o seguimento do convenio establecerase unha comisión mixta na que participarán, pola USC, o decano, director do centro ou director de departamento responsable, e dous profesores universitarios máis; e por parte da entidade colaboradora, as dúas persoas que esta designe.

Esta Comisión Mixta comprométese a cumprir os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- Formula-las propostas sobre o número de prazas de cada convocatoria para a realización de prácticas formativas correspondentes a cada curso académico, de acordo cos criterios e normas que se han establecer oportunamente.
- Proponer ó rector o nomeamento tanto do titor responsable na empresa, como por parte da Universidade, para cada un dos prazos ou períodos nos que se convoquen as prácticas.
- Establece-los criterios de avaliación e control das prácticas tuteladas.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vicerrectorado de Ordenación Académica
e Titulacións

Colexio de San Acosme
Praza do Obradoiro, 20
15705 Santiago de Compostela, España
Tel. (981) 58 24 99 • Fax (981) 57 74 18

- Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controla-lo seu cumprimento e a resolve-los conflitos entre as partes.
- Proponer *adendas* ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.

14 Normas de aplicación

A este convenio seralle de aplicación a seguinte lexislación:

- Real decreto 1497/1981, do 19 de xuño, sobre programas de cooperación educativa, modificado polo Real decreto 1845/1994, do 9 de setembro, que o actualiza
- Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, sobre directrices xerais comúns dos planos de estudo dos títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, modificado polo Real decreto 1267/1994, do 10 de xuño
- Normativa de xestión académica aprobada pola Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996
- Resolución rectoral do pola que se aproba o plano de estudos de.....

15 Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor ó día seguinte do seu asinamento e estará vixente ata o remate do curso académico correspondente. Prorrogarase automaticamente por cursos académicos sucesivos se ningunha das dúas partes o denuncia de xeito expreso, avisando con tres meses de antelación.

En calquera caso, o convenio non poderá rescindir-se no caso de que haxa alumnos seleccionados para realizar un período de prácticas, namentres non rematen estas.

Disposición transitoria

Mentres non se realice unha convocatoria única para tódalas titulacións na USC, facúltase á Comisión Mixta para face-las convocatorias que considere oportunas derivadas deste convenio.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións

Avda. de Santiago, 157
15705 Santiago de Compostela
Tel. (981) 53 24 99 • Fax (981) 57 74 48

En proba de conformidade, as dúas partes asinan este convenio no lugar e na data que se indican máis abaixo

Santiago de Compostela de de

O rector da Universidade de Santiago de Compostela

O/A.....

DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 27 de febreiro de 1997, acordou aproba-la sinatura do presente "CONVENIO MARCO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS QUE SE RECOÑEZAN COMO CRÉDITOS NOS CURRICULA DOS ALUMNOS". Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 1997

- Vº e Pr
O RECTOR

O SECRETARIO XERAL

F. Darío Villanueva Prieto

Gumersindo Guinarte Cabada